

Á conquista do alén Miño

Seis poetas galegos propician en Portugal o descubrimento do momento creativo que está a vivir Galicia



Luísa Villalta

Seis poetas galegos, desde a consagrada Luísa Villalta á recente revelación Estibaliz Espinosa, leron onte os seus poemas en Crestuma, localidade próxima ó Porto. A iniciativa, promovida polo Gabinete da Xuventude da localidade para inaugurar as I Xornadas culturais, desenvolveuse no adro da igrexa e contará tamén coa presenza de varios poetas portugueses e do músico César Silva.

En Portugal o desconecemento da máis recente literatura galega é practicamente absoluto, polo que non deixa de ser sorprendente que este intento de diálogo parta do núcleo xuvenil dunha poboación de catro ou cinco mil habitantes, segundo o periodista Luis Miguel Queiros.

Dos poetas galegos, o nome máis coñecido en Portugal é o de Luísa Villalta, cunha obra que vai desde o ensaio ata a ficción, pasando polo teatro e a poesía. En 1995 publicou o libro de poemas *Ruído en Espiral Maior*, a editora que o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello fundou en 1991 e que contribuíu de forma decisiva á revitalización da poesía galega dos 90.

Miro Villar, co libro *Abecedario da desolación* (1997),

conquistou os premios Martín Códax e o Tivoli Europa de Poesía. O regulamento deste último galardón prevé que as obras gañadas sexan editadas en nove linguas europeas, o que probablemente transformase este autor de 35 anos no poeta galego vivo máis traducido.

Eduardo Estévez, outro dos poetas que recitou onte en Crestuma, é autor de *Só paxaros saíron desta boca* (1998) e *Lúa Gris* (1999), e foi un dos principais impulsores da colección de poesía Letras de Cal, creada para divulgar novos autores como Estevo Creus, que tamén participa nestas xornadas.

Yolanda Castaño, nada en 1977, recibiu ós 17 anos un premio pola súa obra *Elevar as pálpabras*, no que se funden un erotismo manifesto, un humor sarcástico e un certo narcisismo adolescente.

O seu segundo libro, *Vivimos no ciclo das Erofantías* (1998), xa non ten as pinceladas xuvenís do primeiro.

Finalmente, estará presente Estibaliz Espinosa, unha autora moi nova, nada a mediados dos 70 e que gañou coa súa obra debut no panorama literario galego, *Pan (libro de ler e desler)*, a



Estibaliz Espinosa



Miro Villar

edición deste ano do prestixioso premio Esquífo para poesía en lingua galega.

Os poetas portugueses que participaron onte pola noite son Alberto Augusto Miranda, Aureliano Costa, Alexandre Teixeira Mesdes e José Carlos Soares.

O debate entre os escritores presentes será moderado polo portugués Carlos Saraiva Pinto, a quen se deben iniciativas anteriores para a divulgación da literatura galega e que, como poeta, acaba de publicar un dos máis significativos libros de poesía editados este ano, *Escrever Foi Um Engano*.

SANTIAGO
Redac. / Axen.

AXENCIA D

Procesa para S

KORNALIST

- Amplia experiencia en p
- Dominio do francés (val
- Dominio de Internet
- Vehículo propio
- Incorporación inmediata

Interesados enviar C.V.